

Hume e a AELG recuperan a tradición oral pontesa da man dos veciños

✚ CRISTINA PÉREZ (/AUTHOR/CRISTINA-PEREZ) 📡 (/RSS/AUTHOR/CRISTINA-PEREZ)

🕒 27 NOVIEMBRE 2017 14:25 H.



📍 Participantes na Polafía. C. PÉREZ

O Mercado Vello acolleu a 33ª Polafía, unha "confluencia de persoas que coñecen cancións, lendas e historias antigas que hai que transmitir", presentada por Antonio Reigosa

"Cantas historias morren cada vez que se pecha unha porta!", dicía este domingo no Mercado Vello pontés Antonio Reigosa, mestre de cerimonias da Polafía número 33, esa "confluencia de persoas que coñecen cancións, lendas e historias antigas que hai que transmitir para que non se perdan". A iniciativa, impulsada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) no marco das Xornadas de Outono de Hume, serviu para recuperar a tradición oral da localidade da man dalgún dos seus ilustres veciños.

E o acto comezaba cun grande exercicio de memoria. o que fai o documental *Pedrón do Freixo. Unha historia da terra das Pontes*, que Ángel Cordero e Alfredo Varela estrearán en breve e no que recollen as peripecias dun home que "é unha lenda", José María Tojeiro Pita, coñecido como Pedrón.

A "simpatía e bondade" dun home que anda polos 85 anos quedou patente nunha tarde na que se sucederon os relatos de veciños coma Elisa Romeu ou Sara Ramil. A primeira lembrou os tempos nos que andaba cosendo polas casas, "coa máquina debaixo do brazo e de calzado unhas zocas", facendo "de todo, ata medias".

"Iamos sempre dúas ou tres xuntas e nalgunha casa durmías", contaba Elisa, lembrando que entre elas tamén estaba Sara, encargada este domingo de debullar a memoria da escola de Pazos, construída por iniciativa dun veciño e á que ían "todos xuntos, nenos e nenas, de 19 anos a un".

Non podía faltar a gran tradición musical pontesa, entre as vellas repichocas e as actuais foliadas do Lar, que dende 2006 se manteñen fieis á cita do último venres de mes e que por ter, teñen ata unha patroa, a Santa Palleta, tal e como detallou José López Martínez, *Pepe de Rosalía*.

Xunto ás voces pontesas, oíronse as de convidados como Isidro Novo, que recitou vellos escritos, coma os de Caetano Arias, o gaitero de Santaballa; Esperanza Piñeiro, que se fai eco de lendas pontesas, xunto a Andrés Gómez, na obra *De lenda en lenda*, ou Lois Pérez, quen rememorou os ditos da súa avoa chairega ou unha pintada que retaba a Papá Noel a baixar pola cheminea pontesa.